



programación CIRCO e TEATRO para PÚBLICO FAMILIAR

Segundo domingo do mes
(salvo o de febreiro, Entroido)

Auditorio Municipal
Gustavo Freire
18.30 h.



OUTONO
14 de xaneiro
Pistacatro

NOVO CIRCO, 70 min., 05-99 anos.

Con motivo dos dez anos do nacemento de Pistacatro, a emblemática compañía de Novo Circo Galego dá o seu mortal máis arriscado: OUTONO, un novo espectáculo no que reúne aos seus fundadores para celebrar o máis difícil aínda, facerse maior.

OUTONO é unha homenaxe aos pallasos clásicos, contada a través dunha compañía de clowns en plena crise. Un espello no que se miran os artistas e as súas personaxes, unha carpa caída onde se suceden as estacións.

OUTONO é un espectáculo de teatro-circo con música en directo, que nos conta a viaxe nostálgica de catro artistas ao seu pasado, unha celebración da amizade e dos fracasos, unha reivindicación de ser idiotas, unha mirada poética ao antigo oficio dos pallasos. Un reencontro cheo de emocións, verdade e humor.



A DANZA DA CHOIVA
11 de marzo
Elefante Elegante

TEATRO XESTUAL, 50 min., 3-8 anos.

A Danza da Choiva gañou o Premio María Casares 2017 ao Mellor Espectáculo Infantil

Chove. A auga da choiva é recollida en recipientes de metal espallados polo espazo. Escóitase un galo cantar. Chegan dous personaxes. Recollen verduras da horta e sementan cereais. Espantan un bando de paxaros que tenta comer as sementes que acaban de botar á terra e chantan un espantallo na horta para protexer o cultivo. Ao regar, decátanse de que non lles queda auga. Agardan que chova, pero non chove... O tempo pasa e segue sen chover. O lugar está agora seco e deserto. Bailan unha DANZA DA CHOIVA coa esperanza de facer chover. Choverá?

Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca a DANZA DA CHOIVA, un espectáculo de Teatro Xestual, con Danza, Manipulación de obxectos e Monicreques. Os seus efectos cómicos, plásticos e poéticos advirten, divirten e fascinan o público familiar e infantil a partir dos 3 anos.



EL APARTAMENTO
8 de abril
Cirk about it

NOVO CIRCO, 50 min., infantil + 5 anos.

Cando o circo é o protagonista no salón de calquera fogar, todo pode escapar da normalidade e converterse en excepcional. Cirk About It presenta unha situación cotiá como pode ser a convivencia nun apartamento para explicar cómo a rutina pode romperse con facilidade, simplemente engadindo unhas pinguiñas do mellor circo. Acrobacias, saltos, portes e equilibrios para unha prometedora compañía que evolucionou desde a peza curta Tres al cubo, gañadora en 2014 do premio Off Circada, para presentar agora este espectáculo. El apartamento é un espectáculo fundamentado principalmente nos equilibrios e saltos acrobáticos, con pinceladas de humor, que mostra un traballo corporal moi visual, que atraerá a todos os públicos.




BBCIRCUS
13 de maio
Asacocircus

NOVO CIRCO, 40 min., infantil 0-6 anos.

Asacocircus chega cunha aposta diferente no panorama de espectáculos dirixidos ao público infantil. Unha aposta teatral baseada nas artes circenses e presentada agarimosamente aos máis pequenos. Moitos estímulos cunha linguaxe simple, outro sentido do ritmo e tempo con música ao vivo e moitas sorpresas.

A proposta parte dunha escenografía onde se mesturan a natureza con cores moi vivas. E coa luz negra de repente todo cambia a outra ambientación onírica onde se destacan elementos novos e sorprendentes. É un espectáculo dirixido ao público familiar onde os pais e os máis adultos quedarán tamén encantados.

Un universo de acción, intensidade e color, grazas aos traballados números circenses e creacións de Miriam Crespo e Joao Alvim, da narración e música elaborada en directo por Serxio Crespo, conseguén transmitir a esencia do circo ao público máis pequeno.



O SECUESTRO DA BIBLIOTECARIA
10 de xuño
Sarabela teatro

TEATRO / COMEDIA, 55 min., infantil 5-12 anos.

A señorita Ernestina é a fermosa bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos, os bandidos desta peza decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obrique ás autoridades a pagar polo rescate da bibliotecaria.

Así e todo as intencións desta banda tomarán un novo camiño ao descubrir que a señorita Ernestina os contaxiou co virus da varicela. A poucas persoas lles acaen ben os grans na cara pero para uns ladróns resulta desastroso. Tomaría vostede en serio un ladrón con graíños? Pois non, parece ser a resposta máis obvia; así que os ladróns deben atopar unha solución para o seu problema, pero non teñen nin idea de onde buscalo.

Por se todo isto fora pouco, un tremor de terra vén complicalo todo.

PROGRAMACIÓN de CIRCO e TEATRO para PÚBLICO FAMILIAR



"OUTONO"

14 de xaneiro

Pistacatro

NOVO CIRCO, 70 min., 05-99 anos.

"A DANZA DA CHOIVA"

11 de marzo

Elefante Elegante

TEATRO XESTUAL, 50 min., 3-8 anos.

A Danza da Choiva gañou o Premio María Casares
2017 ao Mellor Espectáculo Infantil

"EL APARTAMENTO"

8 de abril

Cirk About it

NOVO CIRCO, 50 min., infantil + 5 anos.

"BBCIRCUS"

13 de maio

Asacocirco

NOVO CIRCO, 40 min., infantil 0-6 anos.

"O SECUESTRO DA BIBLIOTECARIA"

10 de xuño

Sarabela teatro

TEATRO / COMEDIA, 55 min., infantil 5-12 anos.

Venda de entradas:

- . A través da web entradaslugo.es
- . Na Oficina de Turismo, praza do Campo, 11. Tfno. 982 251658.
- . No Auditorio, desde unha hora e media antes das funcións.

Importe: 5 euros adultos e 2,5 euros nenas e nenos.

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xventude e Promoción da Lingua

Segundo domingo do mes
(salvo o de febreiro, Entroido)

Auditorio Municipal Gustavo Freire. 18.30 h.